



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Asociación de Comerciantes, Industrias, Servizos e Autónomos de Ribadeo, Asociación Centro Comercial Castro Histórico de Viveiro, Arenal Perfumerías, S.L.U., Beatriz Irigoyen Vázquez (A Mariña Asesores), Belian Norte, S.L., Gagasun, S.L. (Opticalia Ribadeo), Moviltom, S.C., Nerea García Cayón (MC Atomotive), Ofifoz, S.L., Papelería Norte y Sur, S.L. e Vego Supermercados, S.A, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade formalizou o 14 de xullo de 2021 coas empresas Asociación de Comerciantes, Industrias, Servizos e Autónomos de Ribadeo, Asociación Centro Comercial Castro Histórico de Viveiro, Arenal Perfumerías, S.L.U., Beatriz Irigoyen Vázquez (A Mariña Asesores), Belian Norte, S.L., Gagasun, S.L. (Opticalia Ribadeo), Moviltom, S.C., Nerea García Cayón (MC Atomotive), Ofifoz, S.L., Papelería Norte y Sur, S.L. e Vego Supermercados, S.A., o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as empresas Asociación de Comerciantes, Industrias, Servizos e Autónomos de Ribadeo, Asociación Centro Comercial Castro Histórico de Viveiro, Arenal Perfumerías, S.L.U., Beatriz Irigoyen Vázquez (A Mariña Asesores), Belian Norte, S.L., Gagasun, S.L. (Opticalia Ribadeo), Moviltom, S.C., Nerea García Cayón (MC Atomotive), Ofifoz, S.L., Papelería Norte y Sur, S.L. e Vego Supermercados, S.A., para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no IES de Foz.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

As empresas Asociación de Comerciantes, Industrias, Servizos e Autónomos de Ribadeo, Asociación Centro Comercial Castro Histórico de Viveiro, Arenal Perfumerías, S.L.U., Beatriz Irigoyen Vázquez (A Mariña Asesores), Belian Norte, S.L., Gagasan, S.L. (Opticalia Ribadeo), Moviltom, S.C., Nerea García Cayón (MC Atomotive), Ofifoz, S.L., Papelería Norte y Sur, S.L. e Vego Supermercados, S.A. están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que a empresa facilita ao centro de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa/s empresa/s e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 49/2016, do 7 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Actividades Comerciais.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2021 ata o 31 de agosto de 2023.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico en Actividades Comerciais.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarase un 10 % do tempo de estadía do alumnado nas empresas á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

